



ESTRATEGIA PARA A
INTERNACIONALIZACIÓN DAS
EMPRESAS GALEGAS 2021-2025

Plan de Acción para a
recuperación económica na era
COVID 19
a través do desenvolvemento do
negocio internacional
no período 2021-2023



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Xacobeo 21-22

Antecedentes: no período 2014-2020

No período 2014-2020, mentres en España a taxa das exportacións sobre o PIB se mantivo inalterada (23,3%), en Galicia segue crescendo, pasando do 32,9% ao 35,5%, o que supón un aumento do 7,9%.

- No que respecta ó outro obxectivo, as empresas exportadoras en Galicia pasan do 6.236 en 2014 a 7.118 en 2020, con un incremento do 14%, se ben cando observamos o número das empresas exportadoras regulares (aquelas que estiveron exportando, consecutivamente, e polo menos, nos últimos 4 anos) pasamos de 2.178 empresas a 2.519, o que supón un incremento do 15,6%.
- Galicia destaca no terreo exportador aportando un 8% das exportacións españolas. Polo tanto, o peso das exportacións galegas respecto ás exportacións totais de España, presenta, no período 2014-2020, un incremento do 8%, supoñendo un dos maiores crecementos entre aquelas CC.AA. con maior valor de exportación.

Antecedentes: o período 2014-2020

- Ademais, dende o 2021, Galicia pasa a ser a 5ª no ranking de CC.AA. por exportación, e por cuarto ano consecutivo, supera os 20.000M€. Pese á diminución do 6,2% no 2020 con respecto ó ano anterior, Galicia presenta un dato máis comedido que a caída do 10,2% da media de España.
- A balanza comercial de Galiciaa presenta superávits ininterrompidos dende 2007, cun aumento do 25,8% no período 2014-2020. En 2020, a balanza comercial galega é a segunda mellor de España (tras País Vasco), cun saldo positivo de 4.274M€, fronte ao saldo comercial de España, tradicionalmente deficitario, con -13.422M€.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXES DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Obxectivos: horizonte 2025

I CRECEMENTO DO NEGOCIO INTERNACIONAL

Alcanzar un máximo
histórico de exportación:
25.000M€

II INCREMENTO DA BASE EXPORTADORA

Chegar ás 8.000 empresas
exportadoras

III DIVERSIFICACIÓN DE MERCADOS

Crece en mercados máis
alá da UE

IV INTERNACIONALIZACIÓN DIXITAL

1.000 empresas
internacionalizadas
dixitalmente

V TALENTO INTERNACIONAL

Conseguir e dar a coñecer
ás empresas 500
profesionais galegos
especializados en
internacionalización

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Compoñentes imprescindibles para o éxito internacional

DISRUPCIÓN: XESTIÓN DA
CRISE

PERSOAS: ACTITUDE E
COMPETENCIAS
PROFESIONAIS

DISPOÑIBILIDADE DE
MEDIOS

CREDIBILIDADE SOCIAL

Os catro eixos de actuación

EIXO 1

ACCESO Á INFORMACION E
FOMENTO DA INNOVACIÓN

EIXO 2

ATRACCIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN
DO TALENTO E FORMACIÓN

EIXO 3

APORTACIÓN DE MEDIOS E
ACOMPAÑAMENTO NO PROCESO
EXPORTADOR

EIXO 4

COMUNICACIÓN CAS EMPRESAS,
DIFUSIÓN DE CASOS DE ÉXITO E
EXEMPLARIDADE

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

PLAN DE ACCIÓN 2021-23

Antenas do IGAPE

Oficina BREXIT

Internacionalización dixital

Emprende Global: emprendemento internacional

Licitacións internacionais

Eixo 1
Información e
fomento da
innovación

Xestionando a crise e
aproveitando a
disrupción

Talento Internacional

Aceleradora da Internacionalización: Galicia Avanza

Re-acciona COVID-19

Eixo 2
Formación e talento

Desenvolvendo
talento nas persoas

Acompañamento nos mercados destino

Plans sectoriais: vitivinícola e *contract*

Eixo 3
Acompañamento e
dotación dos medios

IGAPE contigo: Programa de Comunicación
Estratexia Internacional Galicia 2021-23

Eixo 4
Difusión: saber e
crer que se pode
sembrando
credibilidade social

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1: Información e fomento da innovación

Eixo 2

Eixo 3

Eixo 4

Medida 1.1: Antenas IGAPE

Abrindo camiño nos países destino

- Neste momento, o IGAPE conta con seis oficinas operativas en: China (Shanghái), EE.UU. (Miami), Marrocos (Casablanca), México (Ciudad de México), Perú (Lima), e a Antena Brexit en Reino Unido (Londres).
- Os obxectivos deste programa son poñer en marcha novas Antenas en Emiratos Árabes Unidos (Dubái-2023), e Xapón (Tokio-2023), ademais de explorar as posibilidades dos mercados para abrir oficinas en Polonia, Chile, Colombia e Corea do Sur a partir de xaneiro de 2024. En consecuencia, a implantación de Antenas nos citados mercados persigue diversificar as exportacións das empresas galegas.
- A estratexia das Antenas é, sen dúbida, o mellor modo de **facer visible** nosa vontade de trasladar información actualizada ás empresas, clave para seu asalto a novos mercados, acelerando nosa capacidade de resposta e operatividade.
- Para o primeiro ano deste plan destináronse algo mais de 500.000€ ás Antenas, orzamento que crecerá progresivamente nos dous anos seguintes (700.000€ e 1.000.000€ respectivamente) coas novas aperturas. **Esta inversión alcanza no período 2021-23 un total de 2.200.000€.** En 2021 daremos servizo a mais de 200 empresas, que chegarán a alcanzar as 1.000 empresas no conxunto do período 2021-23.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1: Información e fomento da innovación

Eixo 2

Eixo 3

Eixo 4

Medida 1.2: Oficina Brexit

**Información e asesoramento
para anticipar a crise BREXIT**

Ademais, dende o IGAPE se pon a disposición das empresas galegas un amplo abanico de ferramentas para afrontar a súa problemática:

- O cheque BREXIT.
- A antena Brexit en Londres.
- A ferramenta de autodiagnóstico Brexit, para coñecer o nivel de exposición á nova realidade Brexit para as empresas.
- Información permanente sobre as novidades que xurdan no proceso Brexit e o seu impacto nas empresas, que se visibiliza no #BoletinIgapeBrexit e un servizo de atención continuo ás empresas:
 1. Asesoría laboral
 2. Asesoría fiscal
 3. Xestión aduaneira e administrativa
 4. Mobilidade de traballadores
 5. Cadea de subministracións
 6. Homologación do produto e novas certificacións
 7. Propiedade industrial

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1: Información e fomento da innovación

Eixo 2

Eixo 3

Eixo 4

Medida 1.3: Internacionalización dixital

**Transformación dixital
ao alcance das nosas PEMES**

Os obxectivos a alcanzar neste programa son os seguintes:

- Contar no horizonte 2025 con 1.000 empresas exportando dixitalmente en Galicia.
- Beneficiar a 700 empresas cas convocatorias Galicia Exporta Dixital no período 2021-25.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1: Información e fomento da innovación

Eixo 2

Eixo 3

Eixo 4

Medida 1.4: Emprende Global. Empreendimento internacional

Empreendimento, innovación e tecnoloxía, da man

Obxectivos do programa conxunto do IGAPE e GAIN na participación activa das feiras e encontros internacionais (físicos/virtuais) en materia de innovación e empreendimento.

Entre estes, destacan as seguintes visitas:

- 2021: Miami-Florida (USA)
- 2022: Zhongguancun (Pekín – China) e Silicon Wadi (Tel Aviv – Israel)
- 2023: Silicon Valley (USA), Electronics City (Bangalore – India) e East London City (UK)

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1: Información e fomento da innovación

Eixo 2

Eixo 3

Eixo 4

Medida 1.5: Licitacións internacionais

Información e apoio na contratación pública internacional

- Este instrumento permitirá as empresas contar cunha plataforma que facilite información de contratación pública internacional e que ademáis aportará un bo análise sobre a potencialidade do mercado da contratación pública en diferentes países.
- No trienio 2021-23 daremos servizo a un total de 100 empresas: 20 en 2021, 30 en 2022 e 50 en 2023.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo 2: Formación e talento

Eixo 3

Medida 2.1: Talento Internacional

Dotando as nosas empresas de profesionais expertos

Estos son os nosos obxectivos 2021-23:

- Formaremos 400 profesionais nos próximos cinco anos. e invertiremos 1.000.000€ no trienio.
- Ao finalizar 2025, en Galicia contaremos con máis de 500 profesionais formados en negocios internacionais rexistrados e acreditados no IGAPE.
- Neste trienio investiremos en Talento Internacional (Becarios Internacionais, Xestores de Internacionalización e Fórmate Internacional) un total de 10 millóns de euros.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo 2: Formación e talento

Eixo 3

Eixo 4

Medida 2.2: Aceleradora de Internacionalización. Galicia Avanza

Solución innovadora para mellorar a competitividade das empresas no exterior

- O programa de aceleración (en colaboración con GAIN) está dirixido a pemes da Comunidade que contan con produtos ou servizos capaces de ser competitivos no mercado internacional, e sexan innovadores, como resultado dun programa de financiación de actividades de I+D.
- O programa desenvolverase mediante itinerarios de aceleración personalizada, mentorización, formación transversal e capacitación, networking e visualización, e consta de 2 convocatorias no período 2021-23, para poder cubrir a demanda de 30 entidades participantes por convocatoria.
- A duración de cada convocatoria será de 10 meses, incluíndo 1 mes para a convocatoria e selección de proxectos, 1 mes para a análise e configuración dos itinerarios de aceleración e 6-8 meses para a súa execución operativa cos beneficiarios.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo 2: Formación e talento

Eixo 3

Eixo 4

Medida 2.3: Re-acciona COVID19

Adaptación ao novo contexto económico

Re-acciona COVID19 é un programa conxunto de IGAPE, GAIN e AMTEGA, que comprende un esquema de servizos de consultaría baseados na mellora da competitividade empresarial.

As empresas beneficiarias poderán solicitar un ou varios dos 5 servizos seguintes: Por un lado, 3 servizos xerais: reestruturación financeira; preparación para a transmisión/adquisición de unidades produtivas; así como consultaría relacionada coa implementación de metodoloxías de traballo e procesos acordes aos principios da economía circular. Por outra parte, tendo en conta a nova situación económica, incorpóranse 2 liñas de servizos vinculados á internacionalización do tecido produtivo:

- Elaboración e execución de plans de internacionalización que permitan vender en novos mercados e adquirir competencias de venda dixital.
- Análises de mercados exteriores.

Aproximadamente, 170 empresas poderán beneficiarse destes dous tipos de servizos específicos para a internacionalización.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo 2

Eixo 3: Acompañamento e dotación de medios

Eixo 4

Medida 3.1: Acompañamento nos mercados destino

Axudámoste a estar moi lonxe, agora sen saír de Galicia

Para os exercicios 2021 y 2022 adaptáronse a nova situación estas liñas, permitindo as nosas PEMES desenvolver as seguintes accións:

- Participar en feiras virtuais.
- Realizar misións comerciais virtuais.
- Realizar feiras e accións de promoción sectoriais.
- Constituír plataformas de promoción online.
- Financiar programas de formación de persoal en Marketing e Venta Dixital.
- Financiar el seguro del crédito a la Exportación.

Como obxectivos para 2021-23 plantexamos os seguintes:

- Contaremos cun presuposto nestas liñas de 9.800.000€ en 2021.
- No conxunto do trienio investiremos 30 millóns de euros neste programa para estar coas empresas galegas nos mercados destino.

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo1

Eixo2

Eixo 3: Acompañamento e dotación de medios

Eixo 4

Medida 3.2: Plans sectoriais vitivinícola e *contract*

Diversificación de riscos e crecemento máis alá do mercado doméstico

3.2.1 VITIVINÍCOLA

Tipo de actuacións previstas:

- Desenvolvemento de solucións de promoción dixital
- Participación en Feiras ou outros eventos expositivos & Misións inversas (presenciais ou virtuais)
- Accións formativas

CONTEXTUALIZACIÓN

OBJECTIVOS

EIXOS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo 2

Eixo 3: Acompañamento e dotación de medios

Eixo 4

Medida 3.2: Plans sectoriais vitivinícola e *contract*

Diversificación de riscos e crecemento máis alá do mercado doméstico

3.2.2 *CONTRACT*

O Plan, no período 2021-23, canalizarase a través de accións promocionais nos mercados exteriores e servizos de información:

- Semana Internacional Contract Galicia: damos continuidade á misión inversa de prescrites internacionais (arquitectos, deseñadores de interior e decoradores), como nos últimos 10 anos, de modo que coñezan de primeira man o ecosistema do sector contract galego. Si as circunstancias sanitarias o permiten, tratarase de realizar esta acción de maneira presencial.
- Accións de promoción internacional en destino
- Xornadas internacionais, e, ao termo destes, terán lugar encontros empresariais entre as empresas galegas do sector e os prescrites

CONTEXTUALIZACIÓN

OBXETIVOS

EIXO DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

Eixo 1

Eixo2

Eixo 3

Eixo 4: Difusión: saber e crer que se pode

Medida 4.1: IGAPE contigo. Programa de Comunicación Estratexia Internacional de Galicia 2021-25

Comunicar, escoitar e difundir

Propoñemos como obxectivos deste programa:

- Desenvolver un evento anual que poña en valor os éxitos das PEMEs galegas nos mercados internacionais e unha publicación anual dos casos de éxito.
- Poñer en marcha o Plan de Escoita que posibilite contar con información de primeira man das necesidades das empresas e nos permita coñecer a situación real do seu negocio internacional, o que enriquecerá sobre maneira o noso "cadro de mando" e facilitará a nosa estratexia futura. Grazas a nosa rede de Antenas, esta información estará actualizada en todo momento.

INVESTIMENTO 2021-23

70.740.000€

Destinados a impulsar
a **internacionalización**
da **empresa galega**



ESTRATEGIA PARA A
INTERNACIONALIZACIÓN DAS
EMPRESAS GALEGAS 2021-2025

Plan de Acción para
a recuperación económica na
era COVID19
a través do desenvolvemento
do negocio internacional
no período 2021-2023



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Xacobeo 21-22